

Antón Castro

A Miguel Anxo Fernán-Vello, que ten nome de poeta medieval, gústanlle as plumas: ten moitas e sempre están cargadas de tintas diferentes. Marróns, granates, rosadas, azul ceo, negras como a noite ou as tebras en Galicia. Con esas plumas, este home de Cospeito (Lugo), onde naceu en 1958, escribíame cartas que parecían pintadas por man de calígrafo ou de ourive romántico, por estático monxe de Oseira. Nelas, con esa letra case gótica ou de códice concibido en alta torre nun atardecer de chuvia, falaba da súa vida de poeta, de Galicia, das súas inmensas lecturas en varios idiomas (sobre todo en italiano e portugués: gustábanlle por igual Ungaretti, Pavese, Saba, Sandro Penna, António Ramos Rosa, Miguel Torga ou Fernando Pessoa), das paisaxes da alma ou de cómo lle brotaba a inspiración mentres se distraía coa fruta ou abrazado ao violín.

Con cada epístola viña un novo libro: os seus poemarios *Seivas de amor e tránsito*, *Memorial da brancura*, *Libro das paisaxes vivas*, *A raíz posuída*; máis tarde *As certezas do clima*. Noutro momento, cando indagaba nas raíces da cultura galega e se apaixonaba coas traxectorias e as vidas alleas, remitíame os seus encontros –xunto ao seu inseparábel Pancho Pillado– con Carballo Calero (poeta, lingüista, memorialista e narrador) ou con Xosé Manuel Beiras, o líder do Bloque Nacionalista Galego. De vez en cando, tras estar en París varios días con María Casares ou xunto a Torga en Coimbra, enchía varios folios falando daquelas citas, da color dos ollos do seu interlocutor, do verbo inflamado e solidario de Torga.

225

O amor asoma en cada un dos seus libros. O amor mesturábase coas súas cartas e escorregábase na tinta como se fose un mar. O amor, a voluptuosidade, o recoñecemento no outro (que en Fernán-Vello sempre é a outra, sempre son as outras de tan seductor que é), poboaban os seus delirios, e achegábanme á súa lírica marcada sempre polo clima espiritual, unha sutil e aérea forma de beleza, unha textura esvaradía e á vez diáfana, a forza da paisaxe, o apetito de transcendencia e a presenza física da amada: carnal, entregada, contundente.

Fernán-Vello abordou todos os xéneros. Relato breve, artigo xornalístico, teatro, traducción, e por suposto poesía, que é o seu xénero predilecto. Fernán-Vello, tras os pasos iniciais de Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro e Méndez Ferrín, ocupa un sitial de honra nas novas xeracións, xunto a mestres imprescindíbeis como Xosé María Álvarez Caccamo, Xavier Rodríguez Baixeras, Pilar Pallarés, Xulio López Valcárcel, Cesáreo Sánchez Iglesias e Ramiro Fonte, entre outros. Eles ensancharon o universo da poesía galega, e a achega de Fernán-Vello é substancial e decisiva.

Fernán-Vello segue moi vivo. Publica e publica nunha dobre dirección: como parte da súa obra e como editor. Fundou Espiral Maior, unha editorial de poesía, narrativa e ensaio, e aí segue ao pé do canón, creando novas coleccións, abrindo novas perspectivas. Imparte talleres, conferencias, viaxa sen parar. Un día quedou durmido e estampouse contra unha farola. Por iso comprou un Volvo e dende o seu interior absorbe a luz das celaxes, o sangue dos poñentes, o fulgor das campías. Faima moita ilusión que teña un coche tan rápido e seguro porque ao mellor algún día se atreverá a volver a Zaragoza. Aquí estivo en 1990, cando publicou *A raíz posuída* (Olifante, 1990. Edición de Luciano Rodríguez) e durante unha representación de Valle-Inclán. E a pasada primavera na cita de escritores galegos, pero este home xa non é o mesmo poeta de antano: deixou de escribir aos amigos e quen tanto lle admirabamos e lle lemos a diario morremos de pena.

Os galegos, señora, somos así.

*Antón Castro*